



BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

D'UN NOVO IRMÁN

DUAS IDEIAS

As liñas que seguen son ben pouco por certo mais xa que hoxe non poden facer outra cousa heino de limitar a dúas indicacións que creio utís para o renacemento galego.

* * *

Os lectores do galego poden ser numerosísimos; e decir que quen escribe en galego escribe cuasi para *meio mundo*.—Debemos lembrarnos de que no Portugal e países de lingua portuguesa a nosa literatura ten ardentos partidarios. Derradeiramente en Coimbra no gran teatro da vila oín eu aplaudir con todo entusiasmo as poesías de Rosalía de Castro, recitadas con enxebre acento, por unha grande artista portuguesa, Amelia Rey Caço que os galegos debían conocer!—Ademáis lembrémonos tamén de que nos países de lingua castelán non se hachará dificultade ningunha para comprendernos!—Por isto no porvir até a nosa correspondencia comercial se fará en galego!

Para conseguir o que antes digo fan falla dúas cousas con respecto da nosa lingua. Primeiramente fai falla afirmar o noso linguaxe literario. Por isto debemos imitar ós países que se encontraron na nosa situación (a Grecia, a Flandes a Cataluña), debemos estudar os clásicos galegos y os *cuasi nosos* clásicos portugueses así como a nosa literatura portuguesa, e non como algunhos fan transcribir a fala de aldeas xa corrompida e que corresponde ao castelán d'e Lopez Sil-

val—Segundo, para adaptar a nosa literatura ós lectores *portugueses* temos que admitir a súa ortografía, e decir a hoxe válida en Portugal sómente con aquelas modificacións (ben pequenas por certo!) que esixen as diferencias da lingua. Iste camiño xa foi seguido pol-os flamigantes na Bélxica que houberon de tomar a ortografía holandesa o que lles aumentou de maneira considerable os lectores—Fagámolo pois!

* * *

Ten-se fundado nos últimos tempos unha *Academia de Miño* en Vianna do Castelo

Cando un fato de rapaces galegos falen de camiño pol-as ruas, no noso idioma, de contos labregos ou de cousas indiferentes, as xentes ollarámonos sin pena nin groria. Até quizais os escravos de Castela, lles chamen, si se cadra, "ordinarios".

Pro cando haxa rapaces que ergan a súa voz galega, sin temer o ridículo, dinantes ben cheos d'orgulo, de cencia, arte, literatura, filosofía, etc., en público, coma se fosen portugueses ou catalás, ollaráselles con curiosidade primeiro e logo con respecto. Pois si alguén se rise d' eles, ise alguén tería de sere un dos moitos parvos que soyo din parvadas no castelán.

Cando se vexa que os galegos enxebres son xentes do mais europeo das nosas cidades; cando se vexa que falamos no noso idioma o que outros non falan nin no castelán, a causa conquerrá prosélitos.

que traballará no estudio de dita lingua que tanto interés ofrece para nos. Asin o Instituto de que falo podería constituir un punto de mira de galegos e portugueses.—Unha viaxe d'*Amigos da Fala* no vrán a Vianna do Castelo non sería excelente? A Cataluña cas suas visitas a Perpiñan e outras vilas do meiodia de Francia nos mostra tamen aquí o camiño!

JOHAN VIQUEIRA.

Catedrático compostelán.

UN EX-ALCALDE E NÓS

A «Irmandade» deu a resposta que tivo por conveniente á valentía que quixo facer o Sr. Casás escribindo a carta que publicou *La Voz de Galicia*, abafandonos—jiso quixera ill—con certos alcumes máis feios pol-a segunda que tragufan que pol-o seu significado verdadeiro.

As tres repulsións que a «Irmandade» fixo contra do Sr. Casás nos tres xornaes da Cruña, o Alcalde dimisionario e aspirante a sí mesmo, respondéu c'unha postura mental que, n-o terreio das ideas é igual que a que dito señor procurou axeitar pra trocare n-un quedabén co Sr. Dato, o pasaporte que lle deixou firmado o Sr. García en saindo do Poder. Hai homes que non saben o que son, como lle pasaba ó zapateiro vestido de frade franciscano.

Nos outros nada máis temos que decir. Non nos disgustou a maneira de ser que tivo o Sr. Casás. Pro, débémolle aconsellar, en proba de que entre nós hai conselleiros, bos ademáis de *ilustrados* que pra reconocer un erro total-as témporas son

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, > 50 >

Coste d'un número 10 >

América 2 pts. trimestre

Número 22

Redacción

e administración:

REGO D' AUGA, 38

PRIMEIRO

A CRUÑA

20 DE JUNIO

boas, e pra deixar á uns homes xustificárense dende unha tribua que sirve inda pra conqwerire empregos n-o Auntamento, total-as épocas son eiscelentes, sobre todo cando nada se busca nin pide, sinon volver pol-a causa da verdade.

Quedamos dispostos pr'a dúplica. O señor Casás ten a palabra, porque non crêmos que deixe de descir que con nosco trabucouse. Inda non somos tan descreídos na nobreza dos demáis.

AS COUSAS, CRARAS

NON VAL DARLLE VOLTAS AO ARGADELO

O xornal de «Fulanez» (iste Fulanez, pode sere un crêgo, un cristiano novo ou morisco, o un Sr. Gasset, que pra o caso, e dadas as definicións modernistas, todo e o mesmo), dixo, falando da protesta das Irmandades da Fala contra a foliada literaria de Ourense, algunhas cousas moi dinas de un mestre do viradillo.

Crê o xornal aludido haber tido un hachadego de revelacións nos verbes que escribimos pr'a folla que se repartiu o día 13 de iste mes de San Xuan, en son de sacudimento das nosas costas non afeitadas a toleraren os tabáos das imposicións falsarias.

Aproveitaba-nos eispresare en público que non tñamos nin teremos endexamáis, que vere co-as algueiradas centralistas, e dixémoslle ó pobo a intimidade das nosas concencias, erguéndoas sobre do leito de rosas do amor á Galicia en que decote descansan, pra que escentilasen a sua indignación, tanto máis forte canto máis certo

sexa no pensamento dos homes cabaleiros, que ninguén pode falar en nome das ideas dos demáis, sin contare co-iles.

Pois ben o xornal que nascéu pra sere rexionalista, como tantas outras cousas máis, sin se decatarse que o pescador que anda ó xeito non pode ire á traíña si non ten o don da ubicuidade, subraióu verbes nosos pra que os seus lectores souperan que iste grupo de homes, gracias a Deus xamáis ubícuos, nin co-a concencia ni co'corpo, nin hoxe nin n-outroa, nin inda ollando xuntos na sua vida individual o pasado e o presente, é *nacionalista* (que medol ¡fuxide vellas, que ven un gato pol-os andantes arriba etcl) e *republicano* (qué horror! Rapa-ciños! Está-vos García Ramos esbardallando frente da igrexa dos Xesuitas).

Así se conta a historia e de iste xeito técese coroas de loureiro periodístico, sin ter conta de que o que se fai é unha mañífica coroa. (Sóio unha letriña máis) de palla... *Quos Fove perdere vult...* (que acabe o cre-

go. ¡Ai, ai, qué espanto! Nomeamos a Xove, e vánnos a crêr xentíes! Bah! qué máis dal Ouviremos un *piropo*, cousa á que nos estamos afeitados os que camiñamos sin imitar que temos por espiña dorsal un de ises *muelles* que lle poñen ás butacas dos outos Centros onde fán antesala os pedichóns, do mesmo xeito que os tiburóns que andan pol-as bandas dos barcos...)

Ou non se sabe o que é nacionalista, ou moi mala intención hai pol-as terras da caridade de oficio... Rabial!

E todo home que vexa que un réximen lle non fai xusticia, non renegue de il, que pode cair en eiscomunió!... Según iso Mau-ra é un herexel! Seica si; pol-o que dñ, pro... alá... o crego, o morisco e o Fulanez...

Nosoutros tomamos á risa como se ve, as afirmacións de quen ningunha pode facer, porque ninguén abranguera falar sin lingua; e inda que as Partidas do noso irman o rei poeta galego, están desusadas, sigue en vigore pr'as concencias a lei que esnaquiza a lingua dos basfremos...

Somos nacionalistas, rexionalistas integraes, amantes da nosa patria natural, definida por Deus n'unha terra e n-unha fala que son nosas, e non queremos que España sexa unha especie de frasco (n-hai errata como n-o famoso soneto de 14 versos, non de 16 como os de novo cuño do «Ideal»!—O fracaso de cristales vai ser de outros!—unha casta de frasco onde se axitan caracteres etnicos, dereitos foraes, aspiracións, cidadanía, e obténse un precipitado fedoso e sin alma nin feitura de cousa boa e san ..

E por derradeiro, non temos ningunha acucia que nos eleve a ocupar o vacío que alguén deixou nas fias republicanas, primeiramente porque non nos da a gana nin nol-o pide a concencia, sendo como somos no público, *apolíticos*, no privado, o que nos pete; i-en segundo lugar, porque inda que que quixéramos, non poderíamos, xa que a vacante do Sr. García Ramos está sin decrarar, pois il dí que se foi de entre os republicanos, pro o pobo non sabe outra cousa que o de que, existiu *El Combate*, e pidíase que os frades tivesen por miolos dinamita, (era mais atístico o de disparal-a testa c-un canón, ho, como querían os correlixionarios do *Combate*, tendo diante a D. Luis XVI.—Xa se ve que somos respetuosos cos reises.—¡Nunca tan ben tratado foi o «rei mártir» ou... «débil». (Escollan, señores!); o pobo, repetimos, non sabe outra cousa, que o de que as tibias das monxas poderían serviren de *ánforas* n-as que os homes *demócratas* bebesen o sangue dos cardeaes. (Seica había no *Combate* que así como os cazadores fan pipas pra fumar, das patas das lebres.... ¡Xesús, Ave María! ¡Qué noxo de ideas!) Pois ben o pobo sabe todas estas afirmacións, verdadeiras impresións «al pa-

ATURUXOS

por CABO PASTOR

Acó, n-a terra d-os celtas,
medoñas y-altivos castros...
n-istes vales e mariñas,
n-istes soutos froreados,
n-istas rías y-areales,
n-istas serras, veigas, agros,
n-iste espelliño d-o ceo,
n-istes eidos galicianos,
¿quén está?

Acó n-a terra d-as cántigas
e d-os castelos queimados...
¿Onde vai Grandal o forte?
¿Onde vai Rosendo o Santo?
¿Quén *alalás* doces canta?
¿Quén s'inxaldrá aturuxando?
Homes que, facendo leña,
tiñan fouce por machado,
¿onde van?

Están n-o lar ou n-a leira
as mulleres traballando;
n-os cómaros e congostras
os nenos lindan o gando;
os mozos que n-as regueifas
con mais forza pelexaron
van n-América... En Galicia
caciques, vellos y-eibados
soilo están.

¿Quén goberna o ben que temos
n-as terras nosas e o campo,
e n-as montañas de toxos,
que gardan tesouros tantos?
Non sei porque a min parésceme
moi triste o cantar d-os galos...
y-escoit'o que, n-os camiños,
din as frores ó meu paso;
¿qué dirán?

sar», ó pasar da... vida; pro, non cré o outro, o de que todas aquelas barafundas se foron... porque como un pasa de *luis* á republicano e de republicano á místico, pode

trocarse de esto en anarquista... Todo depende de como toquen as campaniñas da aldeia!...

Señores: non vale soñar co viradillo...

LÓSTREGOS

A MALLA DOU COMENZO

por RICARDO CARBALLAL

Os malladores d'adoito, os eternos malladores do pobo galego, dispostos veñen á malba. Co-a manguera en outo e o pértigo pindurando, suxeto pol-o xugo, veñen valentes e afoutos sobor de nós. Xa diron algunhos pertegazos, mais os mollos de palla onde os batiron son tan xuntos, tan enxoiros, tan rebeldes, qu'os pértigos diron un pulo de recuada e a bater foron con forza na faciana dos malladores.

O revô qu'o tal feito fixo non è pra contalo. Tén esprica: estaban afeitos á malla sin contratemplos. Nos «Amigos da fala» atopáronos, e aínda atoparán mais coma Deus queira e nós non nos neguemos. Houbo malla no Ferrol e malla na Cruña; o grau non-o atoparon por ningures por empregar pértigos mercados en Castela. Pra dar có noso grau, hai que traguel-os da nosa terra, e feitos a mantenta.

Aló na cibdá das Burgas, unhos cantos bôs señores qu'endexamais sentíronse galegos, tiveron o mal acordo de faguer unha festa da poesía galega, festa non feita pra rindir pleitesía á nosa lingoa, nin pr'adicare unhos verbos redentores ós problemas da nosa terra. Faláron sinxelamente por falar. Coidan sere renomados tribunos, sin fixárense que soio son faladores de ofizo que falan en visporas de enche-la andorga, ou éneche-na pra despois falare. Un d'iles—non cito o nome por non sere do noso agrado ensañárenos có caído—falando en representazón dos rexionalistas galegos, dixo o que dñ todos aqueles rexionalistas ortodoxos de credo centralista: que iles, os que levan o nome de Galicia nos labres coma escada pra rubir á meseta, son os bôs, os matriotas, os que loitan por sostel-a integridade do Estado—ñoran qu'Estado e nazón non son o mesmo—, e que nós, os rexionalistas enxebres, os que temos valor e civismo pra chamarnos nazionalistas, somol-os ruís, os que queremos trocar en nazionalidade a *patria chica*, e pertendemos desmembral-a nazón (r) española co-as nosas tendencias separatistas.

Foi unha festa galega falada en castelán, e pensada pra sere ouida en Madrì; alì onde s'atopan os qu'han salvare non á matria galega—cousa insignificante pra iles—, sinon ós *leaders* rexionalistas de novo cuño, que

non perden ocasión de amostrarre ós donos da meseta os servizos que prestan, coma fan os lacaios pr'abranguer mais soldada. Mais istos ô faguer tales feitos, tan soio queda malferida a dinidade. Nos outros, non; e isto sería o de menos en xentes que non teñen mais azo, vountade nin pensamento qu'a disciplina do partido. Nos outros hai mais perda, hai a perda da liberdade d'unha terra que d'abondo s'atopa escravizada.

Ben istá que s'arrastren, que s'axionllen, que se vallan de cantos medios queiran pra chegare ô cume dos seus degoros; ben istá que busquen en Castela o qu'eiquí non atoparían; ben istá que nos abandonen, que nos deixen soios na loita que sostemos; ben istá até que reneguen de sere galegos; mais o que n-istá ben, nin pode sere, nin podemos consentil-o, é de que tomen por escada pra rubir á meseta, a bandeira rexionalista.

E non-o consentimos, non. Nosa portesta fixémol-a sentir n'unha folla supremento do boletín qu'espallada foi por toda Galicia, negando a un dos falangueiros da festa da poesía galega—¡que abofé foi unha festa!— a representazón que s'abrogou do rexonalis-

mo galego, e na que lle votamos por terracanto ali dixo i espuxo sobor do tema rexionalista, qu'eiquí pra entre nós, e que ninguén o seipa, demostrou tere unha moi mala intenzón coma galego, ou un comprobante desconecimento do que tratava, coma home de sabenza.

Craro istá qu'a tal folla fixo as suas magoaduras, e dou lugar a que saira nos xornás *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego* unha carta do falangueiro, onde nos xuntaba—siguindo a mala intenzón—côs republicanos, e onde nos poñía—siguindo o desconecimento—por separatistas. Mais tres dos irmás—eisi, sin ache—que non se dormen nin din parvadas e aborrecen os xantares, contestáronlle ô outro día en cada un dos xornás da Cruña á sua carta, e resultou o que tiña que resultare: un rexionalista de dobre e un pensadore a longo plazo.

E en Madrì onde os xornás non ocupábanse de nós pra cousa algunha, van comenzando a seguirnos os pasos dendes qu'os «Amigos da Fala» comenzamos a portestar e a dar berros. Derradeiramente o xornal *El Mundo* fala do noso supremento e di que son *campañas antipatrióticas, torpemente toleradas*, com'as de Cataluña e Baskonia, termiñando có seguinte comentario: *No se trata de reivindicar la lengua gallega, ni siquiera de aspiraciones regionalistas, que en la hoja se repudian, sino de reconstituir la nacionalidad gallega.*

Certa, moi certa, e a tal afirmazón. Nós degoramos a reconstituzón das nazionalidades ibéricas, pra en xuntanza con Portugal faguer da España enclenque e podre, unha Iberia rica e forte, que non seia o mingo da próxima democrática Europa.

RIBEIRANA

por ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Sabes brincar de turreiro en turreiro,
c'unha alegría que mesmo hai que ver.
Érel-atona y-a frol do Ribeiro;
érel-o diaño trocado en muller.

¡Con qué garboso donaire abaneas
o teu xeitoso corpiño danzal!
¡Cómo derrámala gracia a moreas,
parrafeando cos mozos no adral!

Hai no teu meigo falar mimosiño
múseca branda de brando dozor,
porque o teu doce falar é aloumiño
y-é coma un canto meloso de amor.

Cando te vexo beilal-as muñeiras,
tece que tece coas mans e cos pes,
¡rapen os deños qué ben te peneiras!
Férveche a sangue no corpo de ves.

Eres no baile unha volvoretiña,
reina das festas e filla do ar.
Eres lixeira com'unha anduriña;
mesmo dá xenio de verte beilar.

Si a ribeirana punteas no rueiro,
salta que salta cos brazos en crus,
fas cada punto tan repiniqueiro
que inda non vin coma eles ningús.

Todo o teu corpo garrido retorceas
en movementos de airoso compás
¡Nó!... madiá levas, que sin que te esfuerces
todos che envexan as voltas que dás.

Érel-atona y-a frol do turreiro,
érel-a gala de canto hai que ver,
érel-a musa millor do Ribeiro,
érel-o diaño trocado en muller.

ORIENTACIÓNS COMENENTES

HARMONIA IBÉRICA

Um jornalista hespanhol, o sr. Felix Lorenzo, director do *Imparcial*, emprendeu uma campanha a que chamou, por eufemismo, *Harmonia Iberica*. (1)

Depois de ter posto em equação o problema, como se diz em linguagem matematica, o sr. Lorenzo dirigiu-se a homens notáveis e a personagens simplesmente notorios de Portugal e Hespanha solicitando-lhes o favor de exporem no seu jornal o que houvessem por conveniente sobre as relações que devem existir entre dois paizes a cuja unidade geográfica corresponde... uma perfeita dualidade historica.

Em Hespanha a iniciativa do sr. Felix Lorenzo foi acolhida com geral simpatia, o que nao sucedeu em Portugal. Nunca o rei D. Afonso se mostrara tao gentil para conosco, para com a Republica Portuguesa, como agora, gentileza que se traduziu na condecoração do sr. Afonso Costa, presidente do ministerio, e se manifestou em amistosas e quentes palavras no congresso pedagogico de Sevilha.

Em Portugal é que a campanha do sr. Felix Lorenzo nao encontrou positivamente um eco simpatico, antes despertou receios e desconfianças, sendo de notar que taes receios e desconfianças se manifestaram com particular vivacidade na imprensa governamental.

Qual o justo motivo de semelhante attitude?

Admitindo que o sr. Felix Lorenzo se meteu na campanha pro harmonia iberica animado dos melhores desejos de estreitar as boas relações que existen entre os dois Estados da Peninsula, por maneira que respeitando-se como nações livres conjugassem os seus interesses comuns na mais larga medida, forçoso é reconhecer que o illustre jornalista procedeu em termos que justificam as mais serias apreensões. É desde que foi possível vislumbrar atravez da harmonia a uniao, o sentimento patrio, em Portugal, teve um legitimo sobresalto, que facilmente explodiria em coleras se a ameaça nao fosse velada e por assim dizer longiqua, uma ameaça balbuciante a realisar-se num futuro incerto.

O jornal do sr. Felix Lorenzo é muito pouco lido em Portugal, tem uma diminuta venda em Lisboa, e fóra de Lisboa tal vez nao conte uma duzia de leitores. Tem uma larga difusao em Portugal a imprensa hespanhola, mas o *Imparcial* de Madrid é, entre nós, e em relação ao grande publico, um

jornal quasi ignorado. Lê-se muito o *Liberal*, lê-se muito o *Heraldo*, lê-se muito a *Correspondencia* e lia-se muito o *A. B. C.*, retinctamente germanofilo. Pois foi justamente o *Imparcial* que veiu aqui pôr sucursal, que veiu instalar-se em Lisboa, e felo justamente quando o sr. Felix Lorenzo iniciou a sua campanha em favor da harmonia iberica.

Veiu depois a visita do sr. Afonso Costa a Madrid, veiu o Congresso de Sevilha, veiu a entrevista do sr. Presidente da Republica, sobre as relações entre Portugal e Hespanha, com um jornalista inglez, e tudo isto deu relevo á obra do sr. Felix Lorenzo, tudo isto focou um problema historico que de facto se acha resolvido, o da independencia absoluta das Nações ibericas, constituindo duas soberanias perfeitas.

Mas eis que no *Times*, o mais importante jornal de Londres, aparece um sensacional artigo sobre as relações entre Portugal e Hespanha, e ahi temos nós um aspecto novo da campanha empreendida pelo sr. Felix Lorenzo, e para o qual, neste momento, convergen as atenções de quantos se interessam a valer pelos destinos nacionaes.

A desastrada campanha do sr. Lorenzo sobressaltou o patriotismo dos portuguezes porque no seu rotulo de harmonia iberica ele viu apenas a uniao iberica, isto é, Portugal dominado pela Hespanha, isto é, o sacrificio duma nacionalidade a que nao falta nenhuma caracteristica essencial em beneficio duma nacionalidade que é um mero artificio politico, sem base etnica, sem unidade de lingua, de jurisprudencia, de historia.

Na Inglaterra, segundo o artigo do *Times*, a campanha do sr. Felix Lorenzo foi tomada como manobra alemá, visando a constituir na Peninsula um estado forte que amanhã, feita a paz, e ela ha de facer-se cedo ou tarde, se ligue á Alemanha numa feroz lucta economica contra a Inglaterra.

Ha pouco estive em Lisboa um jornalista inglez, o sr. Fyfe, redactor do *Daily Mail*, com quem largamente conversámos. O sr. Fyfe deixara Petrogrado quando já se anunciava a revolução moscovita, e viera a Madrid e a Lisboa, por encargo do seu jornal colher impresoes, observar...

A meio da conversa o sr. Fyfe perguntanos o que pensavamos da campanha do sr. Felix Lorenzo, e tendo ouvido a nossa resposta, disse-nos com muita firmeza, no mais solene tom de convicção:—*Pois eu penso que a campanha do sr. Felix Lorenzo é sobretudo feita contra Inglaterra, é uma obra de germanofilo.*

Foi isto ha mais de quinze dias, e o artigo do *Times* só agora apareceu.

Convem saber que o *Times*, o mais importante jornal de Londres, tem em Madrid um correspondente, que é ao mesmo tempo um dos seus proprietarios, o sr. Walter. O artigo de que se trata nao pôde ter sido escrito por alguém alheio ao jornal, e se o escreveu o sr. Walter, como é de presumir, nao se acredita facilmente que ele tivesse aparecido sem prévio conhecimento do *Foreign Office*. A magnitude do assunto, e a categoria das perssoas que nele já interferiram, que mais nao fosse expressando opinioes, levariam o *Times* a nao dar publicidade a um semelhante artigo, sem previamente o tornar conhecido do governo inglez.

Mais uma vez se verifica, em Hespanha, que em Portugal ha um tao enraizado sentimento de vida livre, de nacionalidade autonoma que contra ele nao prevalecem ameaças ou seduções. Amigos da Hespanha? Sem duvida alguma; mas donos da nossa casa, senhores dos nossos destinos, nem dominadores nem dominados—um povo livre e soberano.

Assim somos, e assim queremos continuar a ser.

Aliados da Inglaterra, somos, em relação a elo, tao livres como em relação á Hespanha. E'caracteristica de soberania nacional fazer e desfazer alianças, conforme as necessidades ou as superiores ventagens dos Estados. Nem doutra fórmula se entende em Inglaterra este comestinho principio de direito publico.

BRITO CAMACHO.

CRÍTICA MIUDA

Rodrigo Sanz.

VÉDEO pasare pol-a vida: anda paseniñamente, non xesticala, non arma ruido co-a sua parola; parés que nacéu pra estare mecánicamente quedo. A Dinámica, non atoparía n-a carne de iste home forzas dinas de estudio... Mais, ollade a sua còr amarela, o tono alimoadado seco da sua epidermis, a soavidade do seu carácter, o lostregueo das suas meniñas morunas, a reverberación do seu cerebro, e vos daredes, unha palmada n-a frente, ô decíredes: certo, moi certo; é un anaco de cera que arde... Por iso danlle noxo as axitaciós materiaes: porque quere erguere dereitamente a lingua de lampa, sin que nin eistranos ares nin propios ímpetus a fagan semellar n-un deitamento, que é escrava ou que cobiza sentil-a imbecilidade antihixiénica de lambere...

¡Ou independencia anímica de Rodrigo

(1) Temos d'advertire que Felix Lorenzo xa deixou a dirección d'*El Imparcial*.

Sanz! Ela é a sintomatización de unha fortêza espritoal, de unha prudencia de corazón, medida é causalidade de moi grandes e nobres feitos, que, por seren tan fortes e tan prudentes, son moi íntimos, e, por ende, tan da propiedade do seu autore, que que eu me non estrevería a sacal-os á lus. Son de il sóio. ¡Diviña riqueza! E ise eiscurisvismo n-a posesión, rexindo o dereito a que se digan ou se non digan as cousas de un, é a única forma verdadeira da modestia... Por iso eu respeto a do austero corazón de Rodrigo Sanz...

Non sei definir á Rodrigo Sanz intelectualmente... Si eu fose pintore, representaría-o c'un nonius n-unha man e un microscopio n-a outra. O home medidore, analizadore por eiscelenza é Rodrigo Sanz-culto, estudioso, dono de todol-os segredos centíficos, semella n-o orden do perceptivo, unha abella que tira mel de total-as disciplinas... ¡Qué fermosura hai n-a Matemática!, vos dí. E ¡qué ledicioso rodar de impre-

sións tén a Poesía—eiscrama pouco despóis. Toda cencia é bela, porque escudriñando n-ela, o entendimento obtén goce inefabre, afirma decote...

Como Rodrigo Sanz é home amante da verdade, é puro; como é puro, e leial; como é leial é nobre; como é nobre, é xeneroso, condición da esprendidés moral dos homes espritoalmente ricos...

Non acerto a eispoñérevos mais acerca de il.—Ah...! si; esquencíame decire que, en Madrid, loita por Galicia, con todo o seu saber e toda leialdade; e que en total-as partes e total-as épocas fai campañas endereitadas á redención moral e política do pobo galego... Ahí tedes como aluma n-a coleiividade a lampa do esprito de iste home, lampa que eu teño visto moitas veces fulxire a través de unhos anteollos suavemente, lixeiramente suxetos á naris marfileña.

A. VALCÁRCCEL.

(Traducido de *La Región*, xornal orensana.)

TAMÉN POL-O FERROL

UN IRMAN QUE LOITA

Noso querido e bon irmán Xaime Quintanilla, primeiro conselleiro qu'ê da Irmandade da veciña cibdá departamental, publicou no xornal *El Correo Gallego*, d'aquíl pobo, un artigo acraratorio a tersiverxados conceutos que sobor do Nazonalismo, espuxo no mesmo xornal o Sr. Xosé Herrero.

Non faguemos gabanzas do artigo de Quintanilla, porque non fixo mais que cumprir c-un deber de bon galego, com'ô é. O mais outo honore que pode abranguer un bon galego nas páxinas de A Nosa Terra, é qu'ô tratemos de *querido e bon irmán*. Co-isto abonda. E agora, poden os lectores saboreare o xa dito artigo, que baixo o título «Por unha soia ves», foi un paudado de man de mestre ô Sr. Herrero:

«A Irmandade dos Amigos da Fala, da que son o primeiro conselleiro, ten fondo intrés en faguer unhas acraraciós respeito a un artigo de D. Xosé Herrero titulado «Las fobias regionales», publicado no xornal *El Correo Gallego*.

1.º Que non crêmos que *nuestra época se caracterice por la tendencia de las nacionalidades a estrechar los lazos de unión de todas las fuerzas vivas que componen los modernos Estados*. Pol-o contrario: os feitos que trouxo á superficie o actual conflito europeo, demóstrannos percisamente que n-istes tempos total-as nazonalidades loitan con fé e puxanza por amostrare de maneira percisa a sua persoalidade. Véxanse os casos de Finlandia, Irlanda e Polonia. Lém-

brese qu'algús diputados por Alsacia-Lorena en Alemania, foron condenados pol-os tribunales militares xermanos, por tere ideias francófilos. Contéstese á pregunta do qu'ê o irredentismo, causante de qu'algús Estados atópense barallados na loita. E, pra termiñar: en Bélxica, tendo en conta a invasión, non todol-os cibdadás háchase xuntados contra o invasor; a separazón sigue fonda entre walons e framencos—duas difrentes nazonalidades—e moitos axudan á causa tudesca contra o intrés do Estado belga

Todos istes feitos proban de maneira termiñante, que por enriba do artificio da constituzón d'un Estado, latexan as almas nazonales co-unha forza que ben poidéramos chamar porvidencial.

2.º Dendes mediados do século XIX o movemento rexionalista é un dos que máis caracterizan ôs tempos d'agora; movemento qu'ê de toda Europa e non peculiare d'España, que vai n-isto coma n-outras moitas cousas ô remate das demais nazós. Os principaes tratadistas de Dereito na *centralista* Francia, están con nosco. Recomendamos ô Sr. Herrero qu'estudie o movemento comarcal francés oposto á división artificiosa en departamentos, e que leia a obra do conde de Rocquiny *Les syndicats Agricoles et leur œuvre*. Tamén recomendámoslle o estudio das orgaizaciós chamadas *banenvereins*, en Alemania, e a obra do ministro hannoveriano Windharst. Pra termiñar de se documentar, pode darlle unha ollada á

obra económica de Wagner, tamén en Alemania, e lêr un pouco dos principios estabelecidos por Henry George.

3.º Nosas porpagandas non son negativas. Queremos erguer, robustecer nosa a persoalidade galega. Invitamos ás demais rexións a que fagan o mesmo. Trátase, pois, de faguer fortísimo cada un dos orgos do orgaismo común. Non vemos perigo en tal cousa. Desdibuxando os nosos perfíles, renunciando ôs nosos peculiares caracteres en mercede a non sabemos qué consideraciós, non conqueriremos ben algún pra España. O intrés d'un municipio non recrama que ningún dos individuos qu'ô compoñen, deixe de ser quen é. O intrés rexional non pode reclamare d'unha das provincias. O do Estado, pol-o tanto, non pode hacharse n-unha unión artificiosa, porqu'enxerguemos que unir non é confundir. Degoramos qu'en España seian fortes centro e periferia, ista derradeira coma orgo de relazón e sensibilidade, ô igual qu'en calquer orgo biolóxico.

4.º As *gerigonzas regionales*—nós enxerguemos que son idiomas nazonales, vivos e latexantes—son lingoas tan españolas coma o castelán. Nós queremos reafirmare a eisistencia da nosa lingoa, mais sin ire contra lingoa algunha. Enxerguemos qu'ô estudio dos dialeutos, lingoas ou xerigonzas rexionales—non discutiremos por nomes—é ausolutamente perciso pr'ô profundo conocimiento do castelán. Véxase D. Xosé Herrero, por non conecer a dialeutoloxía española, non domina ben o rico idioma de Castela. E pra comprobalo léíase con detenimento o párrafo primeiro e o que comenza «En Galicia...» do seu artigo, e verase coma o Sr. Herrero percisa d'aquíl estudio pra escribire en castelán.

5.º Os rivalismos rexionales non-os buscamos nós. Non imos en contra de rexión algunha. Imos contra a política podre e innobre, agarimadora dos favoritos—nosos ministros teñen aficiós sultanescas—qu'estivo n-un si é non é de armárese n-istes dias unha revoluzón luctuosa. Queremos unha verdadeira fraternidade entre total-as rexións, á base d'un mútuo conecimento e sin intervenzón de xogos froraes, orfeós e demais lazos finchados e falsos. Sofiamos c-unha Galicia felís e próspera, e con que total-as rexións españolas seian prósperas e felices, pra que tamén o seia España. Enxerguemos que non se chega a *esa cumbre anhelada por acercarnos cuanto sea posible al idioma único*. A retórica non é nosa devozón e por ilo nos quedamos modestamente c-unhos cantos feitos que brindamos á consideración do Sr. Herrero, ô que concedemos cultura, forteza, saude e devozón de sentimentos, atributos qu'il néganos, por mais que d'il non depende qu'os poseiamos ou non.

O BEN DA NOSA TERRA

(CONTO)

por ANTÓN CAZÓN E GÓMEZ

ALÁ, n'unha aldea lonxana, perdida entr'as somas de pinos e de vellos carballos, viven Xan e Maruxa. Fai dous anos que casaron. Son felices, porque teñen un neniño, robusto e xuguetón. Mais mirade o que lles costou ista felicidade.

* *

Sendo moi nena, n'isa idade en qu'a escasa mel da vida fai doces as horas fuxitivas; cand'os rumores paganos d'os castiñeiros e dos carballos, imprimían na sua y-alma sinxela o selo da melanconía, non mais qu'aparente—xa que no fondo, tod'ós da sua raza, teñen moito da grandeza primitiva, d'aquel vigor arrincad'ós bosques de Xermania, e, felmente gardado e conservado entr'as montañas inxentes da nosa Suevia inmortal—; cando os seus ollos, cheos de lume, vian correr as augas tranquilas do regato beu querido, mentras as horas voaban lixeiras, foi como Maruxa conoceu a Xan.

Tiña Xan quince anos; era forte e bon mozo. Nos seus brazos, duros coma ponlas de carballo, latexaba tod'ó poder da raza. O sol, a auga, o vento e a friaxe, homillábanse ante a sua comprexión. Cortido por tod'ós elementos, a ninguen houbese temido aquel rapas primitivo qu'aganchab'ós arbres e se defendía d'os animás, co soilo un pau.

É, en troques, tiña un corazón brando e tenro; un corazón disposto a latexar os impulsos meigos do amor.

Pol-a marxen dreita do regato d'augas ledas e xuguetonas, extendíase un prado, sempre verde. Tod'ós domingos, xuntábase, n'il, a mocidade d'aldea. Era unha visión meiga. Brincaban, bailaban e cantaban. Unhas veces, os cantos, doces, suaves, gariñosos, henchían a y-alma de segredos sentimentos. Outras, eran cantos de ruda fereza, que asomellaban a tempestade, cando desfeita en huracán bruante, baixaba riscando por entr'os petoutos d'as montañas veciñas. E, us aturuxos, crebaban a atmósfera e resoaban, tembrantes, coma tronos qu'estalasen na lonxincua.

Un serán habían xugado moito. Xan e Maruxa, bailaran vinte veces a muiñeira. E o caso é, que, atopándose cansos, alexáronse, e fixeron niño baixo do ramaxe d'un castiñeiro. ¡Tarde milagreiral! O sol trasponñend'as colinas, tinguí de roxo os seus picos bermellos. Temor, misterio, istantes en qu'a y-alma, ora por istinto. Serenidade

d'ambiente. Risas e cantos que morren. Paxaros, que gorxean no bosque qu'aloumiña o vento. Un río que chora ou prega. O ceo, azul, cubrindo campos verdes, risoños; campos onde aniña a esperanza... ¡Quén non houbera amado n'il, n'aquela hora? Un longo beixo crebou o silencio do entre lusco e fusco, e logo outro,... e mais logo, outro... E como a noite chegaba, ledos con tanto amor, foron a xuntarse cós outros, pra voltar pr'á aldea.

* *

Un día do mes de Xunio, do derradeiro ano, Xan, facía sua entrada n'aldea. Viña d'América. Pasara once anos, alá, en México. Asoballado, por un réximen brutal, n'un país onde todo conspira contr'a vida do emigrante, crebárase o castelo da sua saúde. A arela louca, a esperanza venturera de facer da sua Maruxiña, a muller mais felis, arrincandoa á exravitude da terra, fixéran-o estar tanto tempo nos eidos mexicanos. Por iso, chegaba tan debre, sin sangue, branquiño com'á faciana d'unha virxen de cera.

Os primeiros beixos e apertas, foron pra os seus pais. ¡Oul! ¡O amor a aquil velliño, que camiñaba axudado d'un pau! Logo, pra Maruxiña. ¡Probe! ¡Como choraba ela, ó velo tan fallo de saúde! Maldixo, airada, tod'ás Américas, e pidiu a noso Señor, pra que non foran aló, ás terras odeadas, mais homes, a deixar a xuventude ou a vida. Pensaba ¡coitadal, que cicais as terras de cada un, son as que mais lle conveñen, e as que mellor poden satisfacer as suas necesidades. Que pouco emporta, sere rico, si non s'ê felis. Qu'os campos galegos, serían todo o produtivos que se quixera, si os seus fillos, axudados pol-a cencia, quixesen cultivalos ben. Arrincoulle, a Xan, verbe de que non volvería a aquel país de bruxas, e animouno a lembrar as horas lonxanas, no prado ridente, en novoas horas, que, debían facer o milagre de volverlle a saúde, a forza e a alegría, sin cuyo tesouro, o amor non é amor, si non sufrimento.

SUSCRICIÓN PR'A NOSA BANDEIRA

	Pesetas
Derradeira suma	56'50
Srta. Consuelo González Sobral	1
» Maruxa González Sobral	1
» Natividad Soto	0'50
» Clotilde Blanco	0'50
Por xunto	59'50

NON TANTA COMODIDADE

DÍGANNOS ALGO MAIS..

Os galegos e os non galegos qu'atópanse aferrados ó ideial centralista, e qu'o defenden coma poideran defendel-a vida—tenacidade dina de millor caosa—, son señores de tan pouco senso común e tan apegados ás cousas feitas, que atoparon pra contrarrestare a nosa porpaganda nazionalista, un verbe, un soio verbe, no que encerran tod'á elocuencia pra nos vencere, e teñeno acotfo pindurado na meseta com'ós cartés dos nosos antigos cantores de crimens, o que amostraban pra exemplo dos persentes, e pr'ó seu bô negocio, que unha cousa non quita a outra.

O tal verbe, que tan soio ó nomealo porducenos terrore, é: *Separatismo*. En Madrí, teñeno eisí com'unha cras de figa de virtude anti-centralista, i-emprégano en cantos autos de porpaganda nazionalista celébranse en Baskonia, en Cataluña, ou en Galicia. Non ten dúbida algunha qu'o tal nome, en espitos apoucados e pouco amigos de estudiare—cousa qu'abonda no Estado hispano—, humedece os ollos e seca a gorxa, pois asomella unha cortiña trais da que adivñanse loitas fraticidas, e o esnaquizamento d'España. Dende os xornás, dende a tribuna, aporveitando calquer auto en qu'o que s'esquirbe ou fale trascenda ó pobo, non fan mais que falar de nós, e dirixirnos ise anatema, que dito eisí a enxoitas, sin espricas, é unha admirazón, mais espricado—qu'o non esprican—coma Deus manda, convírtese en interrogazón.

Nos Estados Unidos, onde todos son unha mesma raza e unha mesma familia, son separatistas. En Alemania onde acontece o mesmo, tamen-o son. Nin nos Estados Unidos teñen un Washington centralizador, nin-o é Berlín en Alemania. Eiquí en España, composta de nazionalidades natúraes, nazionalidades non feitas pol-os homes, e si pol-a sabia man da natureza, non poden gobernárese por si mesmas, e teñen qu'estare á mercede de unha centralización noxenta.

Mais isto non o din os centralistas. Non o din, non porqu'o non seipan, sinon porqu' non lles ten conta decil-o. E nós qu'o sabemos, temos fonda obriga de colocal-os entre a espada e a parede, e faguel-os falar i-espricare no senso en que din o verbe separatista. Si nós anaízamos os males do centralismo, anaícen iles os males do separatismo aducindo razóns que convenzan, e non que deixen dúbidas no azo do pobo, pois vai envolvementa n-ista loita o porvir das nazionalidades ibéricas, e co-ilas a vida e o porvir da Unión.

Peneirando...

Xaime Solá, ven traballando n'unha nova novela. Nomearase *Ramo cativo*.

N'ela din que puxo algúns capítulos galegos. Desexando sere realista, entende que si non se quere falseare a realidade, teñen que facerse falar no noso idioma aqueles que o falan a'cottó e non saben nin pertenden falar d'outro xeito.

Logo, fai falla un teatro galego todo en galego. Logo a maior parte de Galicia ficará inédita para o arte literario si non se pinta con *pincel e pintura* galegas.

Coidamos boa a intención de Solá. E fíxese n'unha cousa D. Xaime. No noso boletín falamos de todo. Na mentres na sua revista *Vida Gallega* onde s'acollen algúns asuntos que samente lles intresan ós intresados, non houbo un soyo verbe pr'ós autos trascendentes, serios, patrióticos, cheos de civismo, que fixemos os Irmans da Fala en Carral e en Compostela.

No senso da porpaganda, non por fachen-da—trátesenos ben ou mal—desexamos que se fale de nós.



Dinnos que a notabre rondalla ferrolana *Airíños da miña terra* axiña fará unha *tournee* por algunhas cidades galegas, na compañía dos intelixentes e simpáticos Charlón e Hermida que poñerán na escena os seus mais gabados parrafeos enxebres.

Pirmeiramente irá a Ourense.



No *Correo Gallego* do Ferrol, xornal que ven pidindo a berros o troque de nome, esquirbiu un Sr. Herrero unha chea de parvadas antirrexionalistas. A ilas contestou o presidente da «Irmandade da Fala» da cidade departamental, Xaime Quintanilla, c'un artigo que vai n'outro lugar d'iste boletín. Aquila contesta, oportuna pol-o que ten de comenente pr'as nosas porpagandas, ficou sendo moito honore pr'o dito Herrero.

No mesmo *Correo* apareceu un traballo de Pedro Fraga de Porto, rapaz de fondo valimento, de fino espírito e de gran cultura a quen ollamos con agarimo inda que non pense coma nos, no que pidía que «Os Amigos da Fala» protestáramos contra do cursi rexionalismo lírico do que xa ven chea Galicia e que n'Ourense tivo un novo estoupe.

O Sr. Fraga de Porto teráse xa convencido logo d'ollar «A nosa chamada» e dempois d'ouvirnos no mitin do Ferrol, que pensamos coma il.

Quen non pensa coma il nin coma nos, nin coma ningún galego dono de senso común é o director do mesmo *Correo*.

Comentando a nosa folla—e logo d'opinare que fixéramos ben combatindo a festa da poesía d'Ourense—esquirbe xuicios propios d'un habitante da lua.

Di, inda sin curarse do susto que lle produxo que falemos de nacionalidades hispanas—¡que medol!—que isto é intolerabel; que il pensa en castelán, que renega de rexionalismos, *fala, alalás*, etc., porque no fondo de cousas tan sinxelas soyo hai separatismo. ¡Arrenégote demol!...

Pol-a sua sorte, o director do *Correo* coida que en España son os mais e os millores quenens pensan en centralista e unitario, que é dicire en bárbaro.

Nos—ó seu xuicio—somol-os trabucados e si non nos enche d'adxetivos aldraxantes débese a que, nas «Irmandades da Fala» ten bóos amigos que son homes intelixentes.

Agradécemol-lo favore. Pro, en troques, dicímoslle que quen desexa pensar en castelán e renega de rexionalismos, nin é europeo, nin home de cultura, nin de sentimentos positivos, senon un pobre home dino de lástema.

Unha cousa. Pior que a y-auga, pois si ista toma a forma de total-as vasixas, cando se ve libre faise fecundante.

E-o espírito do director do *Correo*, fica n'un cero.



Ollese agora a carta co-a que o primeiro Conselleiro da «Irmandade da Fala» no Ferrol, Xaime Quintanilla, respondeulle o xornal de que falamos dinantes. Di eisí:

«Sr. Directore de *El Correo Gallego*.

Meu distinto siñore e da miña maior consideración: Como resposta ó seu artigo «¡Regionalismo?—¡Qué no hay derecho, señores!», mándolle ise telegrama publicado oxe no xornal da sua dina dirección. Troque vosté n'il o nome d'Alemania pol-o de España e o d'Alsacia-Lorena pol-o de Galicia, e atopará a resposta de cales son nosas arelas.

Agradécemol-le as verbas de gabanza que nos adedica, ainda que non fai outra cousa que dicire de nosco ó que merecemos. Suñoemos que vosté esquirbe con comeprea boa fé. Ademitido eisí ¡non lle chama a atención qu'ise telegrama veña de Nauen? Isto ll'amostrará qu'é unha verdadeira nota oficiosa do Goberno Imperial. O cal quer dicire qu'o Madri alemán non ten medo de reconocere as lexitimas arelas de libertade de cada un dos Estados alemáns. Medite, medite...

Sobre ó de que somos separatistas non podémol-le decire cousa algunha, pois non sabemos o que vosté entenderá por separatismo. Defina, concrete, e pode sere que cheguemos a un acordo e que realmente reconozamos que somos separatistas. Non nos da noxo o calificativo. En estes tempos, nos que hastra o anarquismo ten asociacións reconecidas legalmente, coidemos qu'hai perfecto dreito a espallare toda crás d'ideias. Con berros non teremos de nos convencere. ¡Separatistas! Boeno. Temos un ideal, que xa é tere algo nesta terra de vergoñenta esterilidade espiritual.

Sentimos qu'as nosas propagandas o molesten. Pro ¡qué ll'imol faguere? ¡Si vira

vosté cantas cousas nos molestan a noscol Mais como temos de vivire no mundo, e non podemos renunciare ás relacións mútuas con todol-os homes, nos atopamos cheos de pacencia.

Estou perfectamente autorizado pol-o Consello directivo da Irmandade, pra faguere istas manifestacións. ¡Sería vosté tan bô que publicase istas liñas e o telegrama que lle mandamos, subrayando o que nosco lle señalamos?

Conte co seu amigo e servidore

XAIME QUINTANILLA.»

He aquí—di o mesmo número do *Correo Gallego*—el telegrama á que se refiere la carta anterior, publicado en nuestro periódico:

En el Parlamento

Nauen.—En el Parlamento alsaciano-lorenés el presidente manifestó que tenía esperanza en una paz honrosa y que era un deber declarar que «nuestro pueblo debe rechazar la idea de que continúe el actual derramamiento de sangre por causa de la Alsacia-Lorena» (Aplausos).

Deseamos fomentar la indisoluble unión del imperio alemán y el porvenir cultural, económico y político, CONSERVANDO LA PLENTUD DE NUESTRAS CARACTERÍSTICAS. (Aplausos).

Luchamos *no sólo por Alemania* sino por conseguir para nuestro país *igualdad de categoría y derechos entre los Estados confederados alemanes.*



O catedrático de Psicoloxía do Instituto de Compostela, Sr. Viqueira, dende hoxe noso colaborador, n'unha patriótica carta dinos que ven formare nas fias dos «Amigos da Fala».

Moitas mais boas adesiós recibimos.



Aurelio Ribalta deu no Centro de Defensa Social, de Madri, unha nova conferencia sóbor do idioma galego, que agardamos conecere, xa que tivo de sere notabre.

Ribalta—¡benia il!—non acouga na defensa do noso.



Dinnos que axiña se fará en Lugo unha Asambleia rexionalista, organizada por don Augusto González Besada.

N'ila hai o propósito de combatire o cunerismo.

Besada, pol-o que se ve, non quere que siga habendo cuneiros en Galicia.

Conécese que o diaño farto de carne me-teuse a frade.

Porque Besada que mais d'unha vez logo de ser elixido deputado lugués po-lo artigo 29, renunciou a acta pra poñer no seu lugar a homes que coidaban que noso Montes era o mesmo Montes toureiro, é un verdadeiro enxebre, un rexionalista exemprar.

Mui ortodoxo.

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

PEDIDE SEMPRE

CHOCOLATES BRANDARIZ

VENDENSE EN TODOL-OS COMERCIOS

D' ULTRAMARINOS

Enrique Brandariz y C.^a

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

CONTOS GALLEGOS**ASIEUMEDRE**

Pol-a cativa cantidá de dous reás podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e doblar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitacións, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO — VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

VIÑOS BRANCOS E TINTOS

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

HOTEL CONTINENTAL

Os «Previsores do Porvir»

SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 42 millóns de pesetas de aforro en doce anos

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4.1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.